

VI PREMIO A PEGADA DE MICRODRAMAS

A ESAD de Galicia, desde o seu Servizo de Dinamización Lingüística, desexa promover a creación dramática en galego, no formato do microdrama, contribuíndo así á recuperación do formato de radio-teatro en Galicia. Farao en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais. A entrega do premio terá lugar na data posta pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia para a celebración do Día Mundial do Teatro 2019 no seu programa de actividades.

BASES

- 1ª. Poderán participar todas as persoas interesadas no premio.
- 2ª. Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións. Deberan estar libres de todo compromiso editorial anterior.
- 3ª. Os traballos adoptarán o formato de **microdrama** atendendo á súa posíbel posta en escena no formato microteatral. Estarán calculados para que a súa duración sexa de dez minutos como máximo e mínimo de cinco minutos.
- 4ª. Non se admitirá máis de un texto por participante e de cada obra presentarase **tres orixinais**. O concurso rexerese polo sistema de plica. En sobre pechado as persoas que participen deberán facer constar o seu nome, apelidos, DNI, enderezo postal e número de teléfono. Os traballos faranse chegar á secretaría da ESAD de Galicia, sita en R/ Poza Cabalo s/n 36212 Vigo. Conservaranse durante un mes a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado e despois destrúanse os que non fosen solicitados polas persoas que os escribiron. O prazo de admisión de orixinais comezará cando se faga pública esta convocatoria e rematará o día **22 de marzo de 2019**. A entrega do premio terá lugar na ESAD de Galicia o día 27 de marzo de 2019 durante a celebración do Día Mundial do Teatro.
- 5ª. Os argumentos das obras serán de temática libre.
- 6ª. O xurado estará integrado por profesorado da ESAD de Galicia. O xurado valorará especialmente, ademais da calidade dramática, o axeitamento das obras ao xénero microdramático, así coma a calidade da lingua galega empregada: corrección e/ou adecuación, riqueza, vitalidade e creatividade.
- 7ª. As persoas premiadas e finalistas ceden á ESAD de Galicia os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en escena da obra.
- 8ª. O xurado escollerá entre as obras presentadas un premio único dotado con **200 euros**, aos que se engade un lote de libros teatrais doados a tal fin pola Axencia Galega das Industrias Culturais. O xurado poderá outorgar tamén ata un accésit dotado con outro lote de libros teatrais. O xurado reserva a facultade de declarar deserto o premio convocado.
- 9ª. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.
- 10ª. O feito de concursar supón a aceptación destas bases.